

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES CONDUCTORES/AS DO VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

1ª.- Obxecto da convocatoria: O obxecto da presente convocatoria é a urxente contratación laboral temporal de tres (3) condutores/as do vehículo motobomba para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais no marco do Convenio coa Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba, toda vez que os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio dos propietarios particulares e de comunidades e montes veciñais, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural. O salario bruto mensual (soldo e complementos) será de 1.491, 14 € mensuais (prorrata de paga extra incluída). O grupo de cotización á Seguridade Social será o 8.

2ª.- Número de Prazas: Convócanse tres (3) postos de condutor/a do vehículo motobomba.

3ª.- Tipo e Duración do Contrato: O contrato será de duración determinada, para a realización de obra ou servizo determinado, de conformidade co artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e a súa duración será de 3 meses dende a formalización.

4ª.- Condicións dos traballos a realizar: O persoal contratado terá plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias, realizando labores de prevención e defensa contra incendios forestais sempre que non sexan requeridos para a extinción destes.

5ª.- Requisitos xerais dos Aspirantes: Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a)- Ser español ou extranxeiro nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do Empleado público con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.

b)- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do certificado de escolaridade

d) Estar en posesión do carnet de conducir, clase C

e) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares as que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbera sido inhabilitado ou separado. No caso de ser doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, nos seus Estados, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

g) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Os presentes requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

6ª.- Solicitudes: Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicita-la súa participación mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde, conforme MODELO que consta no Anexo. A instancia presentaráse no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello de Fene no prazo de cinco (5) días naturais a contar desde o seguinte ó da data de publicación desta convocatoria nun xornal dos da máxima difusión da provincia, debendo aportar copia compulsada do documento acreditativo da titulación esixida, do Documento Nacional de Identidade , do do carnet de conducir C, e da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen.

Aqueles méritos alegados e non xustificados documentalmente na forma prevista nas presentes bases non serán tidos en conta.

A documentación presentada deberá vir numerada.

7ª.- Lista de admitidos e excluídos: A lista de admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello o segundo día natural seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de instancias, concedéndose un prazo de dous días hábiles a efectos de reclamacións. En dita Resolución fixarase a data, hora e lugar para a realización da proba práctica.

De non presentarse reclamacións, a lista provisional devendrá definitiva.

8ª.- Sistema de Selección: A selección realizarase por concurso de méritos, realizándose unha proba práctica.

9ª.- Méritos e su valoración:

a) Por cursos homologados de defensa contra incendios forestais (Puntuación máxima 1 punto) :

-Cada 10 horas lectivas: 0,075 puntos

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

Aqueles cursos nos que se especifique o número de horas non se valorarán.

Acreditarase mediante copias compulsadas dos certificados ou diplomas.

b) Experiencia(Puntuación máxima 3 puntos):

- Por acreditar ter experiencia como conductor/a de vehículo motobomba na loita contra incendios forestais: Por cada mes de traballo 0,30 puntos, ata un máximo de 3 puntos.

- Por acreditar ter experiencia como conductor/a de camión: Por cada mes de traballo 0,20 puntos ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo corresponda .

A acreditación do presente mérito farase mediante a presentación dos correspondentes contratos laborais, aos que se deberá achegar necesariamente informe de vida laboral ou certificación de servicios prestados expedida por autoridade competente.

10ª.- Proba práctica:

Os aspirantes deberán realizar unha proba práctica relacionada có traballo a desenvolver consiste na coducción do vehículo motobomba e o emprego dos instrumentos e aparellos da motobomba. Esta proba será fixada polo Tribunal cualificador inmediatamente antes do seu comenzo e terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Esta proba valorarase de 0 a 10 puntos.

11ª.- Puntuación Final: Os/As candidatos seleccionados serán os que, tendo superada a proba práctica, obteñan unha maior puntuación.

En caso de empate na puntuación final terá preferencia o candidato que acredite unha maior experiencia en traballos de extinción de incendios forestais. De persistir o empate, terá preferencia o candidato que maior puntuación obtivese por cursos homologados de defensa contra incendios forestais e, de persistir-lo mesmo, resolverase por sorteo público.

Se os/as aspirantes seleccionados/as non posúiran nacionalidade española, realizarase unha proba na que se comprobe que posúe un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita de lingua castelá, salvo que o coñecemento desta lingua se deduxera da súa orixe ou poidera acreditarlo documentalmente.

Non poderán seleccionarse máis candidatos que prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados, elaborarase unha relación de reservas, pola orde a puntuación acadada, por se fora preciso cubri-las posibles baixas ou renuncias dos seleccionados, só válida para a presente campaña.

12ª.- Tribunal Calificador:

1. Composición do tribunal:

Presidente: Francisco Fernandez Feal, oficial mecánico-soldador do Concello de Fene

Suplente: Don José Luis Martínez Martínez, oficial do concello de Fene

Vogal: Jose A. Freire Rey, oficial albanel do Concello de Fene

Suplente: Jesús Meizoso Sardiña, oficial do Concello de Fene

Vogal: Daniel Martínez Ponce, policía local do Concello de Fene.

Suplente: Avelino Casal Sixto, oficial albanel do Concello de Fene

Vogal: Salvador Ogando Piñeiro, chófer palista do Concello de Fene

Suplente: Alberto Castro Rodriguez, peón do Concello de Fene

Vogal: Marco A. Blanco Cachaza, policía local do Concello de Fene

Suplente: Alberto Fernández Vazquez, arquitecto técnico do Concello de Fene

Secretaria : Ana Mª Santano Martínez, administrativa do Concello de Fene

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso será precisa a do presidente e do secretario do mesmo. De todas as reunións que faga o tribunal levantarase acta polo secretario do mesmo.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos a autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas.

6.- O Tribunal poderá autoriza-la incorporación ás sesións dun/s asesor/es, con voz e sen voto, cando excepcionalmente se requira para a adecuada cualificación.

7.- O alcalde, vista a proposta do Tribunal, procederá á adopción da Resolución Decreto correspondente que resolverá a contratación.

8.- O Tribunal non poderá seleccionar traballadores/as cuxa contratación supoña que a Administración contratante incorra no suposto do artigo 15.5 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

13ª.- Formalización dos Contratos:

1.- A proposta do Tribunal cualificador elevarase á Alcaldía Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante Decreto, que será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.- Os/as aspirantes seleccionados/as, previamente á súa contratación, deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados nos apartados e) , f) e g) da Base 5ª ,mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Certificado médico de non padecer enfermidade ou eiva física que a xuício de facultativo, impida ou limite o desenvolvemento dos traballos conductor de vehículo motobomba para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais

Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a sordera son igualmente causas de exclusión. O certificado médico deberá necesariamente pronunciarse sobre estes extremos.

b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais , nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

c) Declaración xurada de non encontrarse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

3.-A contratación dos aspirantes seleccionados corresponderálle ó Sr. Alcalde-Presidente, así como a formalización dos correspondentes contratos de traballo laboral temporal por obra ou servizo determinado.

Mentres non se formalicen os contratos, os/as aspirantes propostos/as non terán dereito a precepción de cantidade económica algunha.

Os/As aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico-práctico de formación básica sobre incendios forestais

14ª.-Dereito supletorio:

No non previsto nestas Bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación.

15ª.- Norma Final:

A presente convocatoria, as súas Bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven, e das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Fene 5 de xullo de 2010

O alcalde
Iván Puentes Rivera

ANEXO I

Modelo de instancia

DON....., maior de idade, con D.N.I. número....., e con domicilio a efectos de notificacións e comunicacións en, teléfono

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a contratación laboral temporal de tres(3) condutores/as do vehículo motobomba para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais.

I.- Que se atopa en posesión de todas e cada unha das condicións esixidas nas Bases de Selección.

E polo exposto:

SOLICITA:

Que tendo por presentada a presente instancia , sexa admitido no correspondente proceso selectivo, ós cales efectos , aporto a doumentación que se adxunta.

Fene, de de 2010.

(sinatura do interesado)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

- _____
- _____

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE(A CORUÑA)